



**MISA CON NENOS**  
**19 de xaneiro de 2025**  
**T. Ordinario-2º C**

**Xoan 2, 1-12: "Enchede as tinas de auga".**  
**Mensaxe: Qué bo, este viño**  
**lévate ao ceo**



### 1. MONICIÓN DE ENTRADA

Irmáns e irmás: Pasados os días do nadal volvemos aos domingos do tempo ordinario. Hoxe vestímonos de festa e lembramos **as bodas de Caná**. María acode a Xesús e realízase o milagre: a auga transfórmase en viño, Xesús é capaz de renovar e transformar a vida dos que cremos nel e María convértese en mediadora ante Deus nas nosas necesidades.

Hoxe celebramos a **Xornada da Infancia Misioneira**, o día dos pequenos misioneiros, os nenos e nenas que anuncian a Xesús aos que non o coñecen e constrúen un mundo de irmáns.

E oremos tamén pola **Unidade dos cristiáns**, un rogo de Xesús para todos os que cremos nel.

*(Podemos poñer unhas tinas de barro, ou de cristal -unha con viño e outra con auga-).*

SACERDOTE: *No nome do Pai... Que Xesús, que nunca nos deixa sós nas necesidades, sexa convosco.*

### 2. SÚPLICAS DE PERDÓN

*Queremos levar a todos a luz, a alegría e a vida de Xesús, pero as nosas limitacións e pecados fan que nos desviemos do camiño. Pidamos perdón.*

- A ti, Xesús, que queres compartir as nosas alegrías e proxectos, dicímosche: *Señor, ten piedade de nós.*

- A ti, Xesús, que nos das a María para que presente ao Señor *as nosas súplicas*, rogámosche: *Cristo, ten piedad de nós.*

- A ti, Xesús, que nos axudas nos nosos problemas e preocupacións, pedímosche: *Señor, ten piedade de nós.*

### 3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

As lecturas fálanos da relación de Deus connosco como unha voda, un banquete, unha festa. El sempre nos ama e é fiel. O canto de Isaías compara a Xerusalén (reconstruída tras o exilio) como unha noiva, adornada para a súa voda. *San Paulo* lémbra-nos os diversos dons que os cristiáns recibimos e todos provéñen dun só Espírito. No evanxeo, Xesús adiantase para que non falte o viño da alegría naquela voda, facendo o seu primeiro signo salvador.

### 4. ORACIÓN DOS FIEIS

Por medio de Cristo, capaz de renovar as nosas vidas, presentemos ao Pai a nosa oración dicindo:

**-Pedímoscho, Señor.**

**1. Pola Igrexa:** para que sexa evanxelizadora, non só con palabras, senón sobre todo coas obras. **Oremos.**

**2. Polas distintas relixións:** para que potenciemos o que nos une e superemos o que nos separa. **Oremos.**

**3. Polos noivos e matrimonios:** para que non lles falte o viño do amor e da comprensión. **Oremos.**



**4. Polos que participamos en misa cada domingo:** para que fagamos o que nos di Xesús e María sexa a nosa intercesora en todas as necesidades. **Oremos.**

**5. Pola nosa parroquia:** para que sexamos unha verdadeira comunidade de amor, vivamos con corazón de festa e compartamos cos que nos necesitan. **Oremos.**

**6. Por nós:** para que convidemos a Xesús e a María a todos os acontecementos da nosa vida. **Oremos.**

**7. Por todos os nenos nesta Xornada da Infancia misioneira:** para que vivan con alegría o don da fe e recen para que a luz de Xesús chegue a todos os nenos do mundo. **Oremos.**

*Acolle, Pai, as súplicas que te presentamos da man da Nai do teu Fillo. Polo mesmo JCNS... Amén.*

## **5. PROCESIÓN DE OFRENDAS**

**ALIANZAS DE VODA:** Deus sempre nos ama, é un Deus fiel. Onde Él está non falta a alegría, a luz e a vida. Que nós saibamos ser testemuñas do seu amor, da súa misericordia con todos os que nos atopemos ao longo desta semana.

**UNHAS TINAS** (*poñémoslles nomes de dificultades polas que algúns están a pasar*): Prometemos a Xesús que imos facer o que poidamos para que aos que viven ao noso redor e a todos os nenos do mundo non lles falte o necesario para vivir, compañía, solidariedade.

**COLECTA E CARTEL DA XORNADA DA INFANCIA MISIONEIRA:** Presentámosche, Señor, a colecta e o cartel da Infancia Misioneira, como expresión do noso desexo de compartir e traballar polo coidado de todos os nenos e nenas do mundo.

**DE PAN E O VIÑO:** Finalmente, Señor, ofrecémosche o pan e o viño. Eles serán o noso alimento que repoña as nosas forzas para facer o que nos digas en cada momento.

**PODERÍA SER UNHA ÚNICA OFRENDA PRESENTANDO PAN-VIÑO E COLECTA DE STA.**

**INFANCIA:** Presentamos a nosa colecta para Infancia Misioneira. A nosa axuda aos nenos en lugares de misión chega!, e faino a través do Papa e os misioneiros. Compartindo o que temos, damos testemuño da nosa fe e vivimos o amor cristián. Xesús da, Xesús comparte, ata o punto de entregar a súa propia vida. O pan e o viño que ofrecemos ao Señor serán, sobre o altar, o seu corpo e sangue, alimento, forza e alegría para todos os invitados a este banquete.

## **6. ORACIÓN da Xornada da Infancia Misioneira**

Querido Xesús, quero ser o teu misioneiro e levar ao mundo enteiro o que son e o que teño.

Quero compartir, dar-me e vivir con aquel que me necesita para coñecerte a ti.

Entrégoche as miñas mans e o que nelas gardo.

Entrégoche os meus tesouros, ti converteralos en soños para outros.

Entrégoche o meu corazón, úsao para a túa misión. Querido Xesús, toma o que teño.

Eu quero dar para que outros nenos teñan a oportunidade de descubrir que os queres, que os queres de verdade, que o teu amor é infinito e xamais se acabará.

Amén

